

**ACTA REUNIÓN COMISIÓN PARITARIA II CONVENIO COLECTIVO PERSOAL
LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS UNIVERSIDADE DE VIGO**

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Vicexerente de Persoal:

Ana Comesaña Álvarez

Vicexerente do Campus de Ourense:

Miguel Diéguez Díaz

Xefe do Servizo de PAS:

José Manuel Fernández Viña

Antón Vidal Andión desculpa a asistencia

SECRETARIO:

Rafael Ameneiro Bravo

REPRESENTANTES SINDICAIS:

Federico Fernández Fernández (CIG)

Luís Pérez Gómez (CIG)

Marcos Estévez Orge (CCOO)

José Andrés Zapirain Fernández (UGT)

Manuel Marcos García (CCOO)

desculpa a asistencia

Acta da reunión da Comisión Paritaria do II Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Universidade de Vigo, celebrada ás 10:30 horas do día 22 de decembro de 2009, na sala de xuntas nº1 do Edificio Xerencia/Servizos Centrais coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- Aprobación das actas pendentes de datas 11 de decembro de 2008 e 20 de xaneiro de 2009, que se adxuntan.

Apróbanse e asínanse as actas pendentes correspondentes ás data 11 de decembro de 2008 e 20 de xaneiro de 2009.

Pola parte social solicítase que se publique todas as actas asinadas.

2º.- Interpelación do artigo 55.1 do Convenio Colectivo, a petición do Comité de Empresa da Pontevedra.

Marcos Estévez expón que recibiu un pedimento dun traballador de aboamento da matrícula nunha titulación propia da Universidade de Vigo por parte da Universidade, con base no artigo 55.1 do Convenio Colectivo que dispón, que "A Universidade habilitará os medios para conseguir que a matrícula nos centros sexa gratuíta para os traballadores activos e xubilados, para os seus cónxuxes ou persoas coas que convivan maritalmente, para fillos ao seu cargo, e ademais para os seus viuvos/as e orfos/as.

a) Nos centros universitarios dependentes da Universidade de Vigo.

b) Nas universidades públicas do Estado cando a titulación non exista na Universidade de Vigo, de asinarse o pertinente convenio de reciprocidade.”

1. José Andrés Zapirain, en nome de UXT expresa que, baseándose nos artigos 15 e 16.1 do regulamento de estudos de posgrao e títulos propios da Universidade de Vigo, os títulos propios teñen carácter de universitarios e se imparten en centros dependentes da Universidade de Vigo polo que entende que cumpren os mesmos requisitos que as titulacións oficiais para que se proceda por parte da Universidade de Vigo á subvención da matrícula nos mesmos para o persoal laboral.
2. Por parte de CCOO enténdese que da negociación do convenio colectivo non se deduciu máis que o pagamento por parte da Universidade das matrículas nos centros dependentes da Universidade de Vigo ou noutros centros públicos cando a titulación non exista na Universidade de Vigo, non debendo interpretarse que se inclúan as titulacións propias.
3. Ana Comesaña responde que, baseándose nos artigos 54 e 55 do Convenio Colectivo, que se refiren ás políticas e medidas de acción social, á subvención das matrículas en titulacións propias da Universidade de Vigo deberá ser tratada no seo da comisión correspondente de Acción Social en canto que afecta a PAS e PDI, non correspondéndolle á comisión paritaria debater unha aplicación diferente á da Comisión de Acción Social que, respecto á convocatoria vixente, decidiu a subvención da matrícula en titulacións oficiais. Con isto non quere dicir que se postule a favor ou en contra da medida, senón que pola súa temática deberá dirimirse no seo da comisión de acción social.
4. Luis Pérez expresa que a Comisión de Acción Social é consultiva, polo que este tema debe ser obxecto de negociación cos órganos de representación do persoal, non no seo da Comisión de Acción Social ou por medio da interpretación da Comisión Paritaria.

Sen máis asuntos que tratar péchase a reunión ás 11:30 horas.



Handwritten signatures in blue ink, including a large stylized 'A' on the left, a signature with 'Luis' below it, a signature with 'Ana' above it, a signature with 'R. Zapirain' below it, and a signature with 'Luis' below it on the right.